

Campamentos Nadal 2025

CAMPAMENTO CONCILIA

Requisitos:

- Rapazada de 4º, 5º e 6º de infantil e de 1º a 6º de Primaria empadroada.

Non empadroados: confirmarase dispoñibilidade de praza.

No caso de superar o número de prazas ofertadas procederase ao sorteo que se celebrará nas instalacións do Departamento de Educación o día **9 de decembro ás 10 horas**.

Normas xerais de aplicación a esta convocatoria de preinscrición:

- As persoas interesadas poderán formalizar a preinscrición a través de correo electrónico (educacion@arteixo.org) do **26 de novembro ao 5 de decembro. Deberán poñer no asunto campamento Nadal 2025**
- Deberán adxuntar o impreso de solicitude.
- A formalización da matrícula (solicitude de recibo ao departamento de educación e pago do mesmo) será do **10 ao 15 de decembro**.

TEMÁTICA – “VIAXE AO POLO NORTE”

Papá Noel mandou unha mensaxe de auxilio. Unha gran tormenta de neve paralizou a fábrica de xoguetes e os renos desapareceron. As crianzas converteranse en exploradores e exploradoras árticos, viaxando ata o Polo Norte para axudar a poñer en marcha o Nadal de novo. Cada día descubrirán unha misión e deberán superala para conseguir o selo de explorador ou exploradora oficial no seu pasaporte.

Día 1. (22 decembro): A misión comeza

Presentación e identidade de exploradores/as.

- Contacontos inicial: “A mensaxe de Papá Noel”.
- Obradoiro: Pasaporte Ártico (creación do pasaporte con nome, foto e selo).

Arteixo / Educación

- Xogo: Expedición ao xeo (circuito cooperativo de neve: túneles, cordas, aros).
- Manualidade: medalla ou placa identificativa de explorador/a.
- Peche: mural colectivo “O noso mapa do Polo Norte”.

Día 2. (23 decembro): O campamento base

Construímos o noso iglú e asentamos o equipo.

- Obradoiro: construción de iglús con caixas, algodón e papel branco.
- Xogo: A tormenta polar (xogo de relevos con globos brancos).
- Taller creativo: bandeira da expedición co nome do grupo.
- Xogo tranquilo: Detectives da neve (buscar obxectos brancos escondidos).

Día 3. (26 decembro): Científicos do xeo

Exploración e aprendizaxe sobre o frío e a neve.

- Experimentos: facer neve artificial, probar como se derrete o xeo, crear volcáns conxelados.
- Manualidade: decoración de copos de neve con purpurina e sal.
- Peche: charla participativa “Por que existe o inverno?”.

Día 4. (29 decembro): A busca do reno perdido

Gran aventura cooperativa.

- Gymkana temática: pistas para atopar os renos (probos físicas, enigmas, equilibrio e orientación).
- Taller creativo: diadema de reno con cartolina.
- Xogo simbólico: Axudantes de Papá Noel (transportar regalos sen que caian).

Día 5. (30 decembro): A fábrica de xoguetes conxelada

Actividades de enxeño e construción.

- Obradoiro: creación de pequenos adornos reciclados.
- Manualidade: colgantes ou postais de Nadal para levar á casa.
- Peche: proxección ou contacontos de Nadal.

Día 6. (2 xaneiro): O correo de Papá Noel

Valores, emocións e desexos para o novo ano.

- Actividade emocional: escribir ou debuxar un desexo non material para o 2025.
- Taller artístico: creación do Buzón de Papá Noel.
- Xogo cooperativo: A mensaxe secreta do elfo (teléfono escachado con mensaxes positivas).
- Manualidade: faroliño dos desexos (botes decorados con tea ou papel transparente).

Día 7. (5 xaneiro): A carreira dos renos

Preparación da gran noite de repartos.

- Xogo físico: carreira dos renos por parellas con cintas ou cordas.
- Taller: creación de gorros ou capas de elfo.
- Xogo de destreza: Entrega exprés (lanzamento de paquetes a caixas de diferentes puntos).
- Peche: ensaio e baile do Equipo do Nadal.

Día 8. (7 xaneiro): O Nadal comeza de novo

Peche da historia e festa final.

- Decoración final: neve de papel, luces e guirnaldas.
- Xogo: O tesouro do Polo Norte
- Pequeno festival: entrega de diplomas de exploradores/as.
- Despedida: baile con cancións de Nadal

Posibilidade do seguinte horario:

De 07:15 a 17:30 horas, ou de 10:00 a 14:00 horas.

As actividades que se desenvolverán ao longo do campamento estarán relacionadas coa temática escollida. Será o tema troncal e transversal co que o monitorado traballará nas xornadas do campamento.

Destinatarios: 50 nenos e nenas de idades entre os 3 e 12 anos

Lugar de execución:

CAMPAMENTO – **CENTRO SOCIAL DE VILARRODIS**

Servizos ofertados:

Campamento de 10:00 a 14:00h.

- Madrugadores dende as 7:15h
- Xantar de 14:00h a 16:00h
- Ludoteca de 16:00h a 17:30h
- Transporte

Custo campamento de 10:00 a 14:00h.

32 euros

Custo servizos os 8 días

Madrugadores sen almorzo: 12 euros

Madrugadores con almorzo: 20 euros

Xantar: 32 euros

Ludoteca: 12 euros

Transporte gratuíto

Datas de execución: 22, 23, 26, 29 e 30 de decembro 2025 e 2, 5 e 7 de xaneiro 2026.

O campamento e servizos non se poderá solicitar por días.

Págase polos 8 días de campamento.

CAMPAMENTO LABORATORIO MUSICAL

Requisitos:

- Nenos e nenas de 4 a 12 anos empadroados.
- Non empadroados: confirmarase dispoñibilidade de praza.
- No caso de superar o número de prazas ofertadas procederase ao sorteo que se celebrará nas instalacións do Departamentode Educación o día **9 de decembro ás 10 horas**.

Normas xerais de aplicación a esta convocatoria de preinscrición:

- As persoas interesadas poderán formalizar a preinscrición a través de correo electrónico (educacion@arteixo.org) do **26 de novembro ao 5 de decembro. Deberán poñer no asunto campamento Nadal 2025**
- Deberán adxuntar o impreso de folla de inscrición.
- A formalización da matrícula (solicitud de recibo ao departamento de educación e pago do mesmo) será do **10 ao 15 de decembro**.

TEMÁTICA - LABORATORIO MUSICAL – “O APALPADOR”

As/os participantes, participarán en tres propostas de obradoiros diferentes en cada xornada. Os tres obradoiros serán parte dun eixe común, e os traballos desenvoltos en cada un estarán coordinados para conseguir un produto conxunto.

O obxectivo final da actividade, será a creación dunha mostra do traballo desenvolto e por tanto, do produto conxunto anteriormente mencionado: Traballarase a aplicación das novas tecnoloxías na música, desenvolverase a expresión artística mediante a creación do atrezzo así como a expresión corporal e musical.

Nesta ocasión, traballarase como contido “O Apalpador”. Dende unha perspectiva lúdica e participativa, a actividade xirará en torno ao Nadal e as personaxes propias desta época do ano.

Destinatarios: 30 nenos e nenas de idades entre os **4 e 12 anos**.

Temporalización:

O laboratorio musical desenvolverase ao longo de 8 xornadas de 4 horas de duración cada unha (de 10:00 a 14:00 horas).

- DECEMBRO 2025: 22, 23, 26, 29 e 30.
- XANEIRO 2026: 2, 5 e 7.

Contidos:

Resúmense no seguinte cadro os obradoiros a desenvolver ao longo das dez xornadas polos/as menores de cara ao obxectivo final: O DESENVOLVEMENTO DUNHA ACTUACIÓN MUSICAL e a súa representación:

BLOQUE DE ACTIVIDADE	OBRADOIROS	CATEGORÍA
BLOQUE 1: TRABALLOS MANUAIS, TRABALLOS PLÁSTICOS, ATREZZO E OUTROS	CREACIÓN DE ATREZZO	ARTES VISUAIS
	CARACTERIZACIÓN	MANUALIDADES
BLOQUE 2: ACTIVIDADES MUSICAIS	EXPRESIÓN CORPORAL	MOVEMENTO
	CREACIÓN MUSICAL	MÚSICA
BLOQUE 3: INFORMÁTICA PARA APRENDIZAXE MUSICAL	CREACIÓN DE BASES MUSICAIS	MÚSICA
	EDICIÓN DE PARTITURAS	MÚSICA

Lugar de execución: CENTRO CÍVICO CULTURAL DE ARTEIXO

Custo :32 euros